

## **ACTIVIDADES**

- "Aprende a navegar e distinguir a información fiable en Internet". Biblioteca Municipal Ágora
- Ciclo de conferencias "Historias de tres Palacios". Academia Galega de Belas Artes
- Biblioteca Verde: SIMPLEMENTE Coida. Biblioteca Municipal Sagrada Familia
- Distopías Cotiás: encontros mensuais. Biblioteca Municipal Ágora
- Conferencia "A educación do talento". Afundación
- Proxección de " Vida Ártabra". Fórum Metropolitano
- Hobbycon 2020, edición inverno. PALEXCO
- Videoforum "Visibilidade LGTBQI na música". Espazo Diverso
- A Batalla: Tazz Yeah e Zerpa. Palacio da Ópera
- Axenda de concertos semanal na Coruña

## **BOLSAS**

- Prazas de lectorados MAEC-AECID en Universidades Estranxeiras, curso 2020-2021

## **CURSOS**

- Obradoiro de literatura "Lugares de novela: Irlanda". Fundación Luis Seoane
- Obradoiro de Escritura "Os diarios literarios". Fundación Luis Seoane
- Curso "A obra gráfica e as súas posibilidades". ESAD Pablo Picasso
- A educación non formal con gafas violetas. ETL Aventureira

## **CONCURSOS**

- Programa Lingua Rodada. S.X. de Política Lingüística
- VI Concurso "Galicia, Auga, Literatura e Rap". Prensa-Escola (La Voz de Galicia)
- Certame de Podcast e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez. IES Rosalía de Castro e S.X. de Política Lingüística
- VI Certame poético Rosalía de Castro. Concello de Padrón

## **VARIOS**

- Fase de presentación de propostas para Nocturnia. Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación

**ACTIVIDADES**

## Que non che mintan!: Aprende a navegar e distinguir a información fiable en Internet

A ONG Ecos do Sur, en colaboración con Coruña Dixital, desenvolverá na Biblioteca Ágora unha proposta formativa na que aprender a navegar e distinguir a información fiable (e a que non o é) en Internet. Falará do tema Natalia Monje, especialista en acción ante o discurso de odio e desinformación en Internet.

**CANDO:** 29 de xaneiro do 2020

**HORARIO:** de 18.00 a 20.30 h.

**PREZO:** entrada libre ata completar a capacidade

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Biblioteca Municipal Ágora**

Lugar Gramela 17 (15011 - A Coruña)

Tel.: 981 189 886 - correo-e: [bagora@coruna.es](mailto:bagora@coruna.es)

[www.facebook.com/bibcoruna](https://www.facebook.com/bibcoruna)

**WEB:** [www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)



## Ciclo de conferencias "Historias de tres Palacios"

A Academia Galega de Belas Artes dedica a próxima edición dos "Martes das Artes" a un ciclo de tres conferencias coas que se pretende dar a coñecer a realidade histórico-arquitectónica e urbana de tres importantes edificios galegos que, ou desapareceron ou se atopan moi seriamente transformados, e tiveron en común ser residencias señoriais de carácter pacego que aspiraron a ter un sentido representativo

**CANDO:** os martes do 21/01/2020 ao 04/02/2020

- 21 de xaneiro: "**Unha páxina negra na tutela do patrimonio monumental. A destrución do Palacio dos Condes de Andrade en Pontedeume**", a cargo do profesor de Hª da Arte da USC Jesús A. Sánchez García
- 28 de xaneiro: "**O último Palacio Gótico da Coruña**", a cargo do profesor de Hª da Arte da USC Julio Vázquez Castro
- 4 de febreiro: "**Memoria dunha metamorfose: casa-palacio de Capitanía Xeral de Ferrol**", a cargo do profesor de Hª da Arte da USC Alfredo Vigo Trasancos

**HORARIO:** 20:00 h.

**PREZO:** entrada libre ata completar capacidade

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Real Academia Galega de Belas Artes**

Praza Pintor Álvarez Sotomayor, 1 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 211 602

correo-e: [info@academiagalegabelasartes.org](mailto:info@academiagalegabelasartes.org)

[www.academiagallegabellasartes.org](http://www.academiagallegabellasartes.org)



## Biblioteca Verde: SIMPLEMENTE Coida

Biblioteca Verde son encontros participativos sobre sustentabilidade nas Bibliotecas Municipais da Coruña. Este mes tócalle á Biblioteca Sagrada Familia con "SIMPLEMENTE Coida" e a charla "Reforestación e incendios", a cargo do enxeñeiro forestal Juan Penabad, que falará de como podemos protexer, restablecer e xestionar os montes de forma sostible, preservando e rendibilizando o ecosistema autóctono e poñendo freo aos incendios forestais na nosa terra.

**CANDO:** 29 de xaneiro do 2020

**HORARIO:** 19.00 h

**LUGAR:** **Biblioteca Municipal Sagrada Familia**

R/ Antonio Pereira, 1-bx. (15007 - A Coruña)


**PREZO:** entrada libre ata completar capacidade

**MÁIS INFORMACIÓN:**

Bibliotecas Municipais da Coruña

[www.facebook.com/bibcoruna](https://www.facebook.com/bibcoruna)

[www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)



**ACTIVIDADES**

## Distopías Cotiás: encontros mensuais

A Biblioteca Ágora acolle a charla "Ética, Privacidade e Tecnoloxía: retos abertos para os anos vinte" impartida por Pablo Castro (Trackula), activista destacado pola liberdade en internet e software libre, seguida dun coloquio aberto dentro co público asistente.

Trátase da 1ª sesión do ciclo "Distopías Cotiás: encontros mensuais", un espazo de reflexión sobre os impactos das tecnoloxías nas nosas vidas e que están a xerar debates na sociedade: ética tecnolóxica, capitalismo de vixiancia, manipulación masiva...

**CANDO:** 27 de xaneiro do 2020

**HORARIO:** 19:00 h. -20:30 h.

**LUGAR:** *Biblioteca Municipal Ágora*

R/ Lugar da Gramela, 17 (15010 A Coruña)

**PREZO:** gratuito (recomendable [inscripción previa na web](#) para reservar praza: aforo limitado)

### MÁIS INFORMACIÓN:


Coruña Dixital

Correo-e: [ola@corunadixital.gal](mailto:ola@corunadixital.gal)

[www.facebook.com/corunadixital](https://www.facebook.com/corunadixital)

<https://corunadixital.gal>

**WEB:** [www.meetup.com/es-ES/Distopias-Cotias](http://www.meetup.com/es-ES/Distopias-Cotias)



## Conferencia "A educación do talento" en Afundación

Afundación acolle, dentro do ciclo Educación S.XXI, a conferencia "A educación do talento. Como poñer en acción a intelixencia", impartida polo filósofo, escritor e pedagogo José Antonio Marina.

O ciclo Educación S.XXI pretende dar a coñecer as últimas tendencias, estudos e teorías sobre a aprendizaxe a toda a comunidade educativa

José Antonio Marina desenvolve diferentes proxectos educativos, sociais e empresariais, que son mostra das súas investigacións e a súa obra escrita: puxo en marcha o movemento de Mobilización Educativa, dirixe a Fundación Educativa Universidade de País, o Centro de Estudos en Innovación y Dinámicas Educativas e a Cátedra Universidad Antonio Nebrija sobre Intelixencia Executiva e Educación

**CANDO:** 5 de febreiro do 2020

**HORARIO:** 19.00 h.

**PREZO:** entrada libre ata completar capacidade

### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Sede Afundación A Coruña**

Cantón Grande, 8 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 185 060

correo-e: [socioculturales@afundacion.org](mailto:socioculturales@afundacion.org)

[www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)



## Proxección de " Vida Ártabra "

A AVV. Oza Gaiteira Os Castros vai proxectar, no Fórum Metropolitano, o documental "Vida Ártabra" de Iago Prada, dentro do seu ciclo de cine do barrio.

Co obxectivo de explicar que vai supoñer a Vía Ártabra para os habitantes da área metropolitana, no documental participan impulsores desta autovía afectados, enxeñeiros e ate activistas doutros países con casos similares.

**CANDO:** 3 de febreiro do 2020

**HORARIO:** 19.30 h

**PREZO:** entrada gratuita ata completar a capacidade

### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Fórum Metropolitano**

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293 - correo-e: [forum@coruna.es](mailto:forum@coruna.es)

[www.facebook.com/ForumMetro](https://www.facebook.com/ForumMetro)

**WEB:** [www.redeozza.org](http://www.redeozza.org)



**ACTIVIDADES**

## Hobbycon 2020, edición inverno

Este ano a Hobbycon repite coa súa edición de inverno, un evento de dous días de duración pero o mesmo contido: cómic, manga, videoxogos, xogos de mesa, realidade virtual, Kpop e cultura asiática

**CANDO:** 1 e 2 de febreiro de 2020

**HORARIO:** de 10.00 a 20.00 h.

**LUGAR:** PALEXCO

Peirao de Transatlánticos, s/n (15003 - A Coruña)

**PREZO:** 5 €/día

*\*venda de entradas: no despacho de billetes os días do evento*

### MÁIS INFORMACIÓN:

Hobbycon

correo-e: [hobbycon@socialice.es](mailto:hobbycon@socialice.es)

[www.facebook.com/hobbycon.es](https://www.facebook.com/hobbycon.es)

Web: [www.hobbycon.es](http://www.hobbycon.es)



## Videoforum "Visibilidade LGTBQI na música"

O Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero presenta este mes, dentro do ciclo videoforum LGTBQI, a videoclip session "Visibilidade LGTBQI na música".

Trátase da proxección e posterior comentario dunha selección de videoclips relacionados de algunha maneira coa temática LGTBQI na cultura audiovisual actual.

*\*As persoas con algunha necesidade específica para participar na actividade deberán contactar co Espazo Diverso cun mínimo de 48 h. antes do evento*

**CANDO:** 30 de xaneiro de 2020

**HORARIO:** 19:00 horas.

**PREZO:** entrada gratuíta

### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Espazo Diverso**

Centro Cívico Cidade Vella. R/ Veeduría, 2 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 189 889

correo-e: [espazodiverso@coruna.es](mailto:espazodiverso@coruna.es)

[www.coruna.gal/igualdade](http://www.coruna.gal/igualdade)



## A Batalla: Tazz Yeah e Zerpa

O Palacio da Ópera da Coruña presenta o sábado 25 unha batalla entre dous adversarios, Tazz Yeah e Zerpa, que se baterán nun duelo de poesía falada, coñecida como "improvisación" ou Freestyle, con estilo libre e mensaxe social e de vida. Os chamados "galos" improvisarán sobre música rap, trap e beatbox.

Os adversarios pasarán por distintas probas nas que o público participará achegando ideas e temáticas para que, ao final, decídase quen gañará a batalla.

**CANDO:** 25 de xaneiro do 2020

**HORARIO:** ás 12.00 h.

**PREZO:** xeral: 5€ / menores de 18 anos: 2€

*\*venda de entradas:*

- anticipada en <https://entradas.abanca.com>, no tel.

981 910 544 ou na praza de Ourense

- día do concerto: no Pazo da Ópera, desde 1 h. antes

### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Palacio da Ópera**

Glorieta de América, s/n. (15004 - A Coruña)

Tel.: 981 14 04 04

Web: [www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)



**ACTIVIDADES**

## Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

**Pazo da Ópera.** Glorieta América (15004 - A Coruña)

[www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)

venres 24 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entrada: 27,50€

sábado 25 ás 20.30 h.: **INDIA MARTÍNEZ**. Entrada: desde 30€

**Teatro Colón.** Avda. da Marina, 7 (15001-A Coruña)

[www.facebook.com/TeatroColonACoruna/](https://www.facebook.com/TeatroColonACoruna/)

domingo 26 ás 12.30 h.: **EQUUS E MÁIS + BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA**. Entrada: gratis

**Sala Mardi Gras.** Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)

[www.facebook.com/salamardigras](https://www.facebook.com/salamardigras)

venres 24 ás 22:30 h.: **EXIT**. Entrada: gratis

**Bâbâ Bar.** R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/baba.bar.7](https://www.facebook.com/baba.bar.7)

xoves 23 ás 21.00 h.: **SEGFAULT**. Entrada: 5€

venres 24 ás 22.00 h.: **GET USED**. Entrada: gratis

**Sala Garufa Club.** R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/SalaGarufaClub](https://www.facebook.com/SalaGarufaClub)

xoves 23 ás 21.30 h.: **NATASIA ZÜRCHER + DORRIO'S BACKGROUND**. Entrada: 8€/10€

venres 24 ás 22.00 h.: **THE FLOWS BAND "Elvis is alive"**. Entrada: 8€/9€

sábado 25 ás 22.00 h.: **A BANDA DA LOBA**. Entrada: 6€/8€

**Sala Mala Vida.** R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

[www.facebook.com/Sala.Malavida](https://www.facebook.com/Sala.Malavida)

sábado 25 ás 21.00 h.: **JUS KNO' + PÁLIDA**. Entrada: 7€/10€

**Sala Filomatic.** R/ San José (15002 – A Coruña)

[www.facebook.com/salafilomatic](https://www.facebook.com/salafilomatic)

sábado 25 ás 22.00 h.: **REBELIOM DO INFRAMUNDO**. Entrada: 11€

**Sala Pelicano.** Avda. do Porto, 3 (15003 – A Coruña)

<https://salapelicano.com>

sábado 25 ás 22.30 h.: **RELS B**. Entrada: 20€

**Jazz Filloa.** R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

[www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club](https://www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club)

mércores 29, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **WIZ TRÍO**. Entrada: 10€



## Lectorados MAEC-AECID en Universidades Estranxeiras

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación convoca prazas de Lectorados MAEC-AECID en Universidades Estranxeiras para o curso 2020/2021.

Trátase de axudas para ensinar español en universidades estranxeiras que contribúan ao fortalecemento e promoción do ensino do español, á formación e á adquisición de experiencia docente dos lectores no ensino do español como lingua estranxeira.

### Destinos:

Cabo Verde, Camerún, Costa do Marfil, Etiopía, Ghana, Mali, Namibia, Níxer, República de Sudáfrica, Senegal, Sudán, Alxeria, Exipto, Emiratos Árabes Unidos, Xordania, Líbano, Marrocos, Mauritania, Omán, Palestina, Qatar, Tunes, Barbados, Brasil, Canadá, Estados Unidos, Xamaica, Santa Lucía, Trinidad e Tobago, Australia, China, Filipinas, India, Indonesia, Malaisia, Myanmar, Nova Zelandia, República de Corea, Singapur, Sri Lanka, Tailandia, Vietnam, Albania, Acerbaixán, Bélxica, Bielorrusia, Bosnia e Hercegovina, Bulgaria, Croacia, Estonia, Xeorxia, Hungría, Kazajstán, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Moldavia, Polonia, República Eslovaca, Romanía, Rusia, Serbia, Turquía, Ucraína, Usbequistán.

**CANDO:** polo tempo que exista a actividade académica obxecto do programa na correspondente universidade, dentro do período comprendido entre o 1 de xuño de 2020 ao 31 de decembro de 2021

**INSCRICIÓNS:** ata o 06/02/2020 ás 14:00 h, para lectorados vacantes ou novos

**REQUISITOS** (para solicitantes dun lectorado vacante ou novo):

- Nacionalidade española.
- Estar en posesión de algún dos títulos que se relacionan a continuación e estea inscrito no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos:
  1. Doutoramento, Licenciatura, Máster ou Grao na rama de coñecemento de Artes e Humanidades, correspondente a algunha destas disciplinas: Español, Filoloxía, Literatura, Linguas, Humanidades, Tradución, Interpretación de Linguas ou Lingüística
  2. Máster universitario en ensino do español como lingua estranxeira.
- Formación específica na didáctica do español.
- Experiencia docente do idioma español, e/ou de Literatura en español.
- Coñecementos do idioma oficial do país solicitado, ou doutro habitualmente aceptado nel.
- Idade non superior aos 37 anos no primeiro día do mes de inicio do lectorado
- Non ser lector MAEC-AECID na universidade solicitada nos 2 cursos inmediatamente anteriores
- Non ser lector MAEC-AECID en máis de 2 universidades, salvo que o lectorado fose cancelado a instancias da AECID antes de que o lector esgotase os 3 cursos seguidos, ou que o lectorado se obtivera por suplencia no últimos 6 meses do curso.

### **DOTACIÓN:**


- Dotación mensual que variará en función do país e universidade de destino
- Axuda de viaxe de incorporación de acordo co país de destino
- Seguro de asistencia en viaxe e de accidentes durante o período de vixencia da axuda;
- Ata 200€ para a adquisición de material didáctico
- Bolsas de viaxe en compensación por gastos para asistir a reunións de lectores sobre temas ou actividades relacionadas coas funcións propias do programa de lectorados.

### **MÁIS INFORMACIÓN:**

**Axencia Española de Cooperación  
Internacional para o Desenvolvemento**  
Avda. Reyes Católicos, 4 (28040 Madrid)  
Tel.: 91 583 83 82 / 91 583 85 46 / 91 583 82 33  
E-mail: [lectorados@aecid.es](mailto:lectorados@aecid.es)  
Web: [www.aecid.gob.es](http://www.aecid.gob.es)

**PUBLICACIÓN:** [BOE](http://BOE) 19/12/2019

**Base de Datos Nacional de Subvencións:**  
[BDNS\(Identif.\): 486905](http://BDNS(Identif.):486905)



**CURSOS**

## Obradoiro de literatura "Lugares de novela: Irlanda"

A Fundación Luis Seoane organiza o obradoiro de literatura coordinado por Javier Pintor "Lugares de novela: Irlanda", que ten como protagonista a fecunda relación entre literatura e territorio deste país. A selección de obras incluírá tanto algúns dos textos e autores máis prestixiosos como a representantes dunha nova xeración de escritores irlandeses

Lecturas:

- James Joyce: *Dublineses*
- Oscar Wilde: *El retrato de Dorian Gray*
- Liam O'Flaherty: *El delator*
- Brian Moore: *La solitaria pasión de Judith Hearne*
- Irish Murdoch: *El unicornio*
- Edna O'Brien: *Las chicas del campo*
- John Banville: *Antigua luz*
- Colm Toibín: *Brooklyn*
- Colum McCann: *Trasatlántico*
- Donal Ryan: *Corazón giratorio*

**CANDO:** do 28/01/2020 ao 02/04/2020

\*o ciclo arrancará o **xoves 23 de xaneiro ás 19.00 h.** coa presentación "La doble (o triple) vida de James Joyce" por Miguel Giráldez, profesor da Universidade da Coruña

**HORARIO:** de 19.30 a 21.00 h.

- Grupo martes: 28 de xaneiro, 11 e 18 de febreiro e 3, 17 e 31 de marzo
- Grupo xoves: 30 de xaneiro, 13 e 20 de febreiro, 5 e 19 de marzo e 2 de abril

**REQUISITOS:**

- facer inscrición (prazas limitadas)

**PREZO:** 65€

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Fundación Luis Seoane**

San Francisco, 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015

correo-e: [info@fundacionluisseoane.gal](mailto:info@fundacionluisseoane.gal)

Web: <https://fundacionluisseoane.gal>

**OBRADOIRO DE  
LITERATURA  
LUGARES DE NOVELA: IRLANDA**

Coordina: Javier Pintor

**PRESENTACIÓN:** xoves 23 de xaneiro, 19.00h.:  
«La doble (o triple) vida de James Joyce»,  
por Miguel Giráldez. Profesor Universidade da  
Coruña.

## Obradoiro de Escritura "Os diarios literarios"

A Fundación Seoane organiza no primeiro trimestre do 2020 o obradoiro de escritura "Os diarios literarios", coordinado polo escritor Fernando Ontañón, co obxectivo de afondar no estilo e as técnicas que caracterizan os diarios de escritores como xénero literario

**CANDO:** do 29/01/2020 ao 25/03/2020

**HORARIO:** mércores alternos de 19.30 a 21.30 h.  
(29 de xaneiro, 12 e 26 de febreiro e 11 e 25 de marzo)

**PREZO:** 75€

**REQUISITOS:** Inscrición previa (prazas limitadas)

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Fundación Luis Seoane**

R/ San Francisco 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015

email: [info@fundacionluisseoane.gal](mailto:info@fundacionluisseoane.gal)

Web: <https://fundacionluisseoane.gal>

**OBRADOIRO DE  
ESCRITURA  
OS DIARIOS LITERARIOS**

Coordina: Fernando Ontañón

Fernando Ontañón é escritor e colaborador do xornal *La Opinión*

**CURSOS**

## Curso "A obra gráfica e as súas posibilidades"

A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña organiza un curso de Gravado Artístico baixo o título "A obra gráfica e as súas posibilidades" e impartido polo profesor Javier López Vila. O número de prazas ofertadas é de 10 persoas.

**CANDO:** do 11 de febreiro ao 16 de abril de 2020

**HORARIO:** martes e xoves de 18.00 a 21.00 h.

**INSCRICIÓNS:** do 29 ao 31 de febreiro na Escola Pablo Picasso, en horario de 10 a 14 e de 16 a 18 h

- **Proba de selección:** luns 3 de febreiro, de 18.00 a 20.30 h (levar un lapis ou grafito)

- **Matrícula:** 6 e 7 de febreiro na EASD Pablo Picasso, de 10.00 a 14.00 h.

**PREZO:** gratuito

\*a Escola aportará o material imprescindible, agás o papel de estampación final e as ferramentas persoais.

**REQUISITOS:**

- Maiores de 18 anos de idade
- Superar a proba de selección

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso**

R/ Os Pelamios, 2 (15001- A Coruña)

Tel. 981 225 396

Correo-e: [escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es](mailto:escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es)

Web: [www.eapicasso.com](http://www.eapicasso.com)



## A educación non formal con gafas violetas

A ETL Aventeira Escola convoca o curso semipresencial de igualdade "A educación non formal con gafas violetas", unha formación que pretende profundar na cuestión de xénero na educación non formal, achegando a novas perspectivas para gañar en ferramentas e en sentido crítico. Os contidos serán:

1. A igualdade en perspectiva: viaxe en busca dos porques e ferramentas para mudar a realidade.
2. Prácticas educativas para a transformación dos modelos afectivos.
3. Olladas queer sobre a práctica educativa no tempo libre.
4. Espazo non mixto:
  - Autodefensa feminista e espazo de exploración individual e grupal.
  - Masculinidades alternativas.
5. Construír o cambio dende as experiencias vividas.

**CANDO:** do 7 ao 9 de febreiro de 2020

**HORARIO** (das sesións presenciais)\*:

- venres 7 de febreiro: de 16:00 a 21:00 h
- sábado 8 e domingo 9 de febreiro de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h

\*duración: 30 horas (25 presenciais e 5 non presenciais)

**LUGAR** (das sesións presenciais):

**Centro Aula Nosa**

R/ Mosteiro de Caaveiro, 1-bx. (15010-A Coruña)

**INSCRIPCIONES:** ata o 24/01/2020 no [formulario web](#)

**PREZO:** 50€

**MÁS INFORMACIÓN:**

Escola Aventeira

Tel. 722 342 493 | 722 342 497

Correo-e: [escola@aventeira.com](mailto:escola@aventeira.com)

[www.facebook.com/AvanteiraCoop](http://www.facebook.com/AvanteiraCoop)

[aventeira.com](http://aventeira.com)

INSCRIPCIÓN  
ANTES DO  
24 DE XANEIRO  
PREZO: 50€

 **Aventeira**  
ESCOLA DE TEMPO LIBRE

COLABORA  


CURSO DE 30 HORAS (5 ONLINE)



**A EDUCACIÓN NON FORMAL  
CON GAFAS VIOLETAS**



**CONCURSOS**

## Programa Lingua Rodada

Lingua rodada é unha iniciativa promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia coa finalidade de potenciar o uso e a valoración positiva do galego entre as xeracións máis novas.

**INSCRIPCIÓNS:** ata o 08/02/2020

**REQUISITOS:**

- Alumnado de 12 a 17 anos dos centros dependentes da Consellería de Educación que curse ESO, 1.º Bacharelato, FP Básica e/ou ciclos formativos de Grao Medio, con vídeo-relatos de ata 1:30 min de duración, gravados con aparellos móbiles.
- A inscrición realizaraa a dirección do centro de ensino enviando unha solicitude por correo-e a [linguarodada@gmail.com](mailto:linguarodada@gmail.com) (descargar en [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)), indicando no asunto o nome do centro. Presentarase unha solicitude diferente para cada vídeo-relato.
- 1ª fase: proba de selección aberta (casting) na que se elixirán os 3 mellores vídeo-relatos  
2ª fase: os 3 centros finalistas recibirán un obradoiro de 3 h de duración, entre o 11 e o 13 de marzo, e enviarán un novo vídeo-relato, do que o xurado elixirá o audiovisual gañador.

**DOTACIÓN:** o alumnado acompañado do profesorado responsable, rodara o vídeo-relato gañador cun equipo de profesionais durante 2 días no rural galego e asistirá súa presentación no Festival de Cans.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

- Coordinación de Equipos de Dinamización da Lingua Galega

R/ San Roque, nº 2 (15704 - Santiago de Compostela)

Tel.: 881 996 324 - Email: [isabel.gil.gil@xunta.gal](mailto:isabel.gil.gil@xunta.gal)

- Tel.: 645 400 581 - 618 512 435

Email: [info@claquetacoqueta.com](mailto:info@claquetacoqueta.com)

\*Arquivo: [Bases completas \(517 KB\)](#)



## VI Concurso "Galicia, Auga, Lieratura e Rap"

La Voz de Galicia e VIAQUA convocan unha nova edición do concurso co que queren destacar a presenza da auga nas grandes obras da literatura galega, baixo o título "Galicia, Auga, Literatura e Rap"

**INSCRIPCIÓNS:** ata o 08/02/2020 (presentación dos traballos da fase final: do 20/02/2020 ao 30/04/2020)

**REQUISITOS:**

- Modalidades: a) Infantil: de 6 a 12 anos b) Xuvenil: de 13 a 16 anos c) Educ. Especial d) Profesor e) Premio en redes (vídeo subido a Facebook de Prensa Escola)
- Os alumnos, de maneira individual ou en grupos de máximo 4 alumnos, deberán elixir un poema ou relato de entre os grandes clásicos da literatura galega e gravarán un vídeo (máximo 1 minuto), desde calquera dispositivo, no que versionen a modo de rap o poema ou relato elixido
- Os traballos presentaranse, en castelán ou galego, en pendrive nunha delegación do xornal La Voz de Galicia ou por mail a [prensa-escuela@lavo.es](mailto:prensa-escuela@lavo.es) co asunto "Concurso:Galicia, auga, literatura e rap"

**DOTACIÓN:**

- Premios para todas modalidades Infantil, Xuvenil e Educación Especial:
  - 1º premio aula: pizarra electrónica ou portátil
  - 1º premio alumno/s: iPad Mini - 2º premio alumno/s: Altofalante
- Premio para o Profesor supervisor dos vídeos gañadores do 1º premio: invitación a un espectáculo cultural na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo no 2020.
- Premio en redes (Facebook): o vídeo con máis "likes" ou publicárase en [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es) e será obxecto dunha noticia en prensa. O alumando gañador poderá gozar dunha invitación a un espectáculo cultural na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo no 2020


**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Prensa-Escola**

Tfno.: 902 103 156 - Email: [prensa-escuela@lavo.es](mailto:prensa-escuela@lavo.es)

[www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)

\*Arquivo: [Bases completas \(281 KB\)](#)



## Certame de Podcast e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez

Convócase o II Certame de Podcasts en Galego Xosé Mosquera Pérez, o Vello dos Contos, organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da S.X. de Política Lingüística e doutras entidades de Galicia.

**INSCRICIÓNS:** ata o 28/02/2020 (presentación de traballos ata o 17/05/2020)

### REQUISITOS:

- Alumnado de 11 a 18 anos dos centros de ensino de a partir de 6º curso de ed. Primari e doutros centros de ensino non universitario de Galicia, ou que imparten ensinanzas de réxime xeral fóra de Galicia. Tamén, poderá participar alumnado da mesma idade de centros do Norte de Portugal.
- Presentaranse podcasts orixinais e inéditos relacionados co patrimonio literario de Galicia e Portugal e coas súas figuras relevantes, tales como o autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas este ano. Os podcasts incluírán o texto que serviu de base para a súa elaboración.
- Os traballos enviaranse por correo-e a [certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org](mailto:certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org)

### DOTACIÓN:

- Mellor traballo do alumnado de 6º de primaria de Galicia e ensinanzas de réxime xeral fóra da Comunidade: 250 € + lotes de libros
- Mellor traballo doutros centros de ensino non universitario de Galicia e ensinanzas de réxime xeral fóra da Comunidade: 250 € + lotes de libros
- 2 Premios especiais 25 aniversario de *Ponte...nas ondas!* para os mellores traballos relacionados co patrimonio inmaterial galego-portugués: 250 €

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Rúa San Roque, 2 (15781 Santiago de Compostela)

Tel.: 881 996 324

Email: [sxpl.planificacion@xunta.gal](mailto:sxpl.planificacion@xunta.gal)

[www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias](http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias)

\*Arquivo: [Bases completas \(355 KB\)](#)



## VI Certame poético Rosalía de Castro

O Concello de Padrón organiza unha nova edición deste certame poético.

**INSCRICIÓNS:** ata o 16/03/2020

### REQUISITOS:

- Persoas de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas en lingua galega non premiadas noutros concursos.
- O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será feita en papel, con tipo de letra Arial tamaño 12.
- Cada obra será presentada por quintuplicado, no sistema de plica

**DOTACIÓN:** 1.500 € e diploma

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Concello de Padrón**

Rúa Longa, 27 (15900 - Padrón)

Tel: 981 811 329

Email: [cultura@padron.gal](mailto:cultura@padron.gal)

**WEB:** <https://rosalia.gal/>

\*Arquivo: [Bases completas \(448 KB\)](#)



## Tes unha idea para Nocturnia? Fase de presentación de propostas

Abre o prazo para achegar proxectos e ideas para a nova edición de Nocturnia, o programa de ocio saudable para a mocidade organizado pola Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, que terá lugar de marzo a xuño de 2020.

As asociacións, colectivos informais, entidades e público en xeral poderán enviar proxectos e propostas para participar na elaboración e deseño do programa de primavera de Nocturnia, xerando así un proxecto global de participación xuvenil.

Os proxectos ou propostas presentadas artellarán os 4 eixos nos que xira o programa (ámbito físicodeportivo, o artístico-cultural, o formativo-tecnolóxico e o lúdico-recreativo), sendo estes flexibles e variables segundo as propostas de cada edición e a abertos a todo tipo de propostas innovadoras

### TEDES UN PROXECTO?

O envío de propostas será **do 20 ao 31 de xaneiro por correo-e a [nocturniacoruna@gmail.com](mailto:nocturniacoruna@gmail.com)**, incluíndo a seguinte información:

#### a) Datos de contacto:

- Nome e apelidos, teléfono de contacto, DNI, mail da persoa que presenta a proposta (persoa responsable)
- Indicar se quen presenta é:
  - Entidade (asociación, club, fundación...) e tipo (xuvenil, cultural, etc...).
  - Colectivo non formal.
  - Empresa / autónomo.

#### b) Descrición da proposta:

- Presentación persoal ou da entidade
- Título e breve descrición da proposta
- Obxectivos da proposta
- Duración
- Número máximo de persoas destinatarias
- Necesidades técnicas e recursos materiais
- Outras consideracións a ter en conta pola organización
- Orzamento detallado (segundo o [Modelo Orzamento Actividades \(30 KB\)](#)):
  - Datos de quen factura.
  - Coste de realización total do proxecto desglosando cada concepto que se factura
  - IVE desglosado e/ou IRPF (no caso de habelo):
    - \*NOTA sobre o IVE: En caso de estar exentos/as do IVE, deberá aparecer ao final da factura o artigo que xustifica a exención. En caso de ter un IVE reducido deberá especificarse o motivo.
    - \*\*NOTA sobre o IRPF: en caso de ter un IRPF reducido deberá especificarse o motivo.

Tralo peche do prazo de recepción e, nun período máximo dun mes, todas as propostas recibirán resposta sobre a súa viabilidade e posibilidade de incorporación ao programa

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación**

**Programa Nocturnia**

correo-e: [nocturniacoruna@gmail.com](mailto:nocturniacoruna@gmail.com)

[www.facebook.com/nocturniacoruna](http://www.facebook.com/nocturniacoruna)

WEB: [www.coruna.gal/participacion](http://www.coruna.gal/participacion)

